COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE SETEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

Dª. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
Dª MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
Dª. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
Dª. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
Dª. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
Dª. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Polo Grupo Político Popular:

Dª. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
Dª. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

Dª. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
Dª. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro don Gonzalo Méndez Mosquera.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

C.I.F. P-1503100-H

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

1.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN DO CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía en funcións, de data dezaoito de setembro de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal, na súa sesión de data dezanove de setembro de dous mil dezanove, que literalmente di:

"**PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.**

A Xunta de Galicia solicita do Concello que se emita proposta co obxecto de determinar os dous días do ano 2020 que terán carácter de festas locais, segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo.

De acordo con esta solicitude, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2020, as seguintes:

- 7 de xaneiro
- 13 de febreiro, Martes de Entroido

Segundo.- Dar traslado desta proposta á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia."

Dase conta da emenda do Sr. alcalde de data vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove, que transcrita di:

"**ENMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL ADOPTADO NA SESIÓN DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2019.**

De conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista de que no ditame anteriormente referido figura un erro no relativo ao día do mes de febreiro que corresponde ao martes de entroido, polo que faise necesario modificar o mesmo, esta Alcaldía presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL ADOPTADO NA SESIÓN DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2019.

No apartado primerio da parte dispositiva, onde di:

- 13 de febreiro, Martes de Entroido

Debe dicir:

- 25 de febreiro, Martes de Entroido

quedando, polo tanto dito apartado primeiro redactado do seguinte xeito:

"Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2020 as seguintes:

- 7 de xaneiro
- 25 de febreiro, Martes de Entroido"

C.I.F. P-1503

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que esta proposta está ditaminada favorablemente na comisión informativa correspondente e que se trae ao Pleno porque é ao que lle corresponde propoñer dous días como festivos locais, propoñendo o equipo de goberno que sexan o 7 de xaneiro e o martes de entroido, engadindo que a proposta leva unha emenda por mor do erro detectado na data do martes de entroido que é o 25 de febreiro e non o 13 como recolle a proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que non viron que houbera informe da Mesa local de comercio e considera que sería bo consultalo para ter a opinión do pequeno comercio respecto de poñer esas dúas datas no 7 de xaneiro e no 25 de febreiro, día de martes de entroido, engadindo que lles chegaron comentarios do pequeno comercio en relación con que poñendo o día 7 se estaría substraendo un día de descanso ao pequeno comercio porque seguramente abrirá igual pois coincide co primeiro día de rebaixas, recomendando que este tipo de propostas veñan con algún aval social.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda presentada, resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, queda aprobada a emenda referida e a continuación, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía en funcións, de data dezaoito de setembro de dous mil dezanove, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

C.I.F. P-1503-

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía en funcións, de data 18 de setembro de 2019, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, quedando, polo tanto, a parte dispositiva do acordo redactada do seguinte xeito:

"Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Culleredo para o ano 2020, as seguintes:

- 7 de xaneiro
- 25 de febreiro, Martes de Entroido

Segundo.- Dar traslado desta proposta á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia."

2.- PROPOSTA SOBRE RENOVACIÓN DE MEMBROS DA MESA LOCAL DE COMERCIO DE CULLEREDO

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data dezaséis de setembro de dous mil dezanove, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Política Social, Mocidade, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, na sesión de data dezanove de setembro de dous mil dezanove, que literalmente di:

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

"PROPOSTA DE RENOVACIÓN DE MEMBROS DA MESA LOCAL DE COMERCIO DE CULLEREDO

ANTECEDENTES:

1.Que o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de decembro de 2010 e entrou en vigor o 18 de xaneiro de 2011.

2.Que esta nova regulación legal respondía á demanda do pequeno comercio de manter un diálogo aberto, continuo e permanente coa Administración local.

3.Con este obxectivo previuse a existencia dunha mesa local do comercio en cada un dos concellos de Galicia, a través da creación de mesas locais do comercio de ámbito municipal.

4.O Pleno Municipal do 28 de febreiro de 2011 aprobou a constitución da Mesa Local de Comercio, que se rexerá polo establecido no Decreto 183/2011, do 15 de setembro.

5.O artigo 8 do Decreto mencionado prevé que o mandato das persoas integrantes da mesa será de catro anos renovables, e que as persoas membros da mesa cesarán cando se produza entre outras a seguinte causa: "*No suposto de renovación da corporación local, para o suposto dos membros designados polo concello."*

6. Visto o informe do xefe do Gabinete Técnico, Francisco Javier Varela Tejedor, de data 16 de setembro de 2019, onde se sinala a necesidade de designar os representantes do Concello na Mesa Local de Comercio, como consecuencia do cambio de Corporación.

C.I.F. P-1503-

En virtude dos fundamentos expostos anteriormente, sométese á consideración do Pleno da Corporación da seguinte:

PROPOSTA

1. A designación como membros da Mesa Local de Comercio, en representación do Concello de Culleredo, ás seguintes persoas:

   - Presidente: Don Juan Carlos Iglesias Lovelle, Concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo.

     Suplente: Dona Marta María Iglesias Becerra, Concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica.

   - Secretaria: Dona Isabel Buján Bernárdez, Xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego.

     Suplente: Marta Amor Seoane. Axente de Desenvolvemento Local.

   - Vogais:

     ➢ Don Mario Alfonso Iglesias Gómez, Concelleiro delegado de Comercio Local

     Suplente: Dona María Penélope López Díaz, Concelleira delegada de Cultura."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que se propón designar os/as membros da Mesa Local de Comercio en representación do Concello de Culleredo e procede á lectura das persoas recollidas na proposta.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo entende que este trámite podería estar feito no pleno de organización tal como se fixo con outros órganos nos que se designaron representantes, correspondendo neste momento a tramitación do resto de composición da Mesa Local de Comercio, que está composta por políticos, por funcionarios e representantes doutros organismos; que non o entenden sobre todo porque no último parágrafo do informe que obra no expediente pódese ler "...estímase que debe procederse á designación dos membros da Mesa Local de Comercio, en representación do Concello, así como a cumprimentar os trámites previstos no tan repetido Decreto para renovar a composición da devandita Mesa", polo que aínda falta a outra parte, insistindo en que o que se está a facer agora podería estar xa feito no pleno de organización no que se nomearon representantes doutros órganos.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sr. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ao seu grupo non lle quedou claro e non atoparon información referida a que asociacións ou representantes veciñais participan na Mesa Local de Comercio, preguntando se na dita Mesa poderían participar concelleiros da oposición.

Seguidamente solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o seu grupo considera que este é un órgano diferente e polo tanto non debe ser confeccionado no pleno de organización do Concello; que se trata dun órgano mixto, cunhas características e unha regulamentación propias, integrado por membros do Concello, membros da Xunta e membros do terceiro sector, o que ten que ver con promoción económica e coas asociacións veciñais; que respecto á pregunta de cales son as asociacións que forman parte desta Mesa, son fundamentalmente asociacións de hosteleiros, de comerciantes, de empresarios, etc.

Solicita novamente facer uso da palabra a Sra. García Gorostizu e, unha vez concedido, di que polo que ela leu, o número de concelleiros é o mesmo que o número de asociacións que participan, preguntando se os concelleiros da oposición non poderían participar nesta Mesa, aínda que fora con voz pero sen voto.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido e di que con respecto ao comentario do Sr. Taibo Monelos sobre que este órgano ten unha composición e unha regulamentación propias, o seu grupo xa o sabe e ao que se referiu el na súa intervención anterior foi a que este trámite, o de nomear os representantes do Concello, xa podería estar feito no pleno de organización.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data dezaséis de setembro de dous mil dezanove, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: oito (8), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Verea, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 16 de setembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción do grupo municipal PSdeG-PSOE, de data vinte de setembro de dous mil dezanove, sobre a política do Goberno galego en relación ao comezo do curso escolar, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"O Grupo Municipal dos Socialistas de Culleredo de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación ao comezo do curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación pública é unha ferramenta fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e para conquerir que calquera neno ou nena poida acadar un desenvolvemento pleno das súas potencialidades e, con iso, loitar por un futuro máis próspero. A educación é prioritaria tamén para acadar unha economía máis próspera e unha sociedade máis puxante.

A aposta pola educación pública é fundamental para a xustiza social. A premisa de que nin o nivel de renda dunha familia nin o código postal determinen o futuro dos nosos nenos e das nosas nenas implica a necesidade de compromiso coa educación pública e co sistema público en conxunto, para que o futuro deses nenos dependa exclusivamente do seu esforzo e das súas capacidades.

Para iso, necesitamos unha educación pública de calidade, que se centre nos alumnos e nas alumnas, particularmente naqueles e naquelas con algún tipo de diversidade funcional; que aposte polos docentes e as docentes como piar básico do sistema e que persiga a excelencia e non a exclusión no seu funcionamento.

O goberno da Xunta de Galicia aplicou recortes e políticas que non melloran a calidade do sistema educativo en Galicia; recortes que, baixo unha falsa mensaxe de eficiencia e equidade, teñen fondas razóns ideolóxicas. Unha década de recortes educativos que se poden concretar:

- A Xunta de Galicia recortou o seu orzamento en educación na última década e inviste agora 180 millóns de euros menos en educación que hai dez anos
- Hoxe hai case 1500 mestres e profesores non universitarios menos que hai dez anos
- Peche de escolas e redución de unidades escolares
- Negativa da Xunta a recuperar a gratuidade universal dos libros de texto, implicando custes excesivos para moitas familias
- Insuficiencia de escolas infantís e suspenso pola falla de aposta pola universalización da escolarización de nenos e nenas de 0 a 3 anos
- Falla de compromiso co profesorado, que está en peores condicións docentes, con recortes nos seus dereitos laborais e na súa propia formación continua
- Ausencia de política de país para garantir unha oferta educativa axeitada no medio rural

C.I.F. P-1503

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Negativa a implantar a gratuidade da primeira matrícula no sistema universitario galego

– Esquecemento e falta de apoio convencido a Formación Profesional.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local acorda:

1.- Rexeitar a política de recortes e desmantelamento da educación pública que está levando a cabo o goberno do PP na Xunta de Galicia, que provoca a perda de calidade no servizo público educativo e lesiona principios como os de igualdade de oportunidades, xustiza social e equidade.

2.- Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a reverter de xeito inmediato os recortes levados a cabo e a apostar decididamente por un sistema educativo público, universal, gratuíto e de calidade.

3.- Remitir o acordo aos grupos do Parlamento de Galicia e á Xunta de Galicia para a súa toma en consideración."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que hai dous parágrafos que lle chaman a atención especialmente e que son o que fai referencia a que nin o nivel de renda nin o código postal determinen o futuro dos nosos nenos e das nosas nenas e o que fala da ausencia de política de país para garantir unha oferta educativa axeitada no medio rural; que el pode falar en primeira persoa pois sabe o que é desprazarse unha hora para estudar o bacharelato, unha hora de ida e outra hora de volta, coñecendo de primeira man esta problemática, non entendendo que isto quede simplemente aí, moi parecido a unha cuña radiofónica que se puido escoitar hai uns días, e non se contextualice en Culleredo porque xa se comentou na comisión informativa correspondente e na xunta de voceiros que hai unha iniciativa popular para que se imparta a ESO no rural de Culleredo que nestes momentos se imparte só nos centros da zona urbana, sendo Culleredo un municipio cun territorio alongado e quedando os dous centros de ESO nun extremo do que sería un rectángulo alongado, ocasionando que haxa rapaces que teñan que empregar moito tempo no desprazamento polo que é unha pena non aproveitar para consensuar esa petición e darlle o apoio a esa iniciativa popular que presentou o escrito xa o 15 de xullo e tras solicitalo na comisión informativa correspondente se lles fixo entrega del fai pouco máis dunha semana argumentando que está pendente dun informe e dicindo unha vez máis que se demora por mor das vacacións dos funcionarios, etc.; que o seu grupo felicitou ao Sr. alcalde no pleno de organización por crear unha área de goberno que engloba tres áreas que son Educación, Participación Cidadá e Medio Rural e que, a pesar de que non coñecían á concelleira delegada desta área non dubidaban de que o ía facer ben, atopándose agora con que tres meses despois o único que se argumenta respecto desta iniciativa popular é que está pedido un informe, considerando o Sr. Chouciño Garrido que o ideal sería contextualizar esta proposta e emendala para incluír esa demanda veciñal pois o contrario suporía un desprezo a varios centos de persoas que secundan e asinan esa iniciativa de que se imparta a ESO no rural.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que dende o Grupo Popular comparten ao 100% a súa exposición de motivos sobre a importancia da educación pública que fixo o voceiro socialista pois están totalmente en contra de que o nivel de renda determine o futuro dos nenos e das nenas pois o seu futuro ten que depender do seu esforzo e das súas capacidades; que entón hai que falar de equidade educativa, pero con datos xa que segundo o último informe PISA as comunidades de España que presentan un sistema educativo máis equitativo son, por esta orde, Galicia, Castela-León e País Vasco, situándose Galicia por riba de países como Finlandia ou Noruega; que hai que falar tamén de calidade pois segundo

C.I.F. P-1503-

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

o dito informe, as comunidades que saen peor paradas son Andalucía e Extremadura, o que fai pensar que a política educativa de 40 anos de goberno socialista é absolutamente ineficaz e se se mira o rendemento en ciencias en Galicia a puntuación é de 512, superior á media de España, de 492, e moi por riba dos 472 puntos obtidos en Andalucía, pasando o mesmo con matemáticas e con lectura.

Continúa a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que nos anos de bonanza económica, na época do bipartito, a taxa de abandono educativo, outro dos índices nos que se pode ver a calidade educativa, era do 25,8% e coas políticas educativas da Xunta, con menos recursos e xestión máis eficiente, conseguíronse as taxas máis baixas desde que hai rexistros, sendo o ano pasado dun 14,3% e a tendencia deste ano parece que vai diminuír ata o 12%, sendo así que os datos indican que se vai polo bo camiño e que Galicia é a comunidade autónoma máis equitativa grazas ás políticas públicas da Xunta que en materia educativa resúmense en que Galicia é a comunidade que máis axuda ás familias a afrontar o curso escolar, ofrecendo un transporte escolar totalmente gratuíto, un comedor escolar baseado no pagamento por renda familiar, uns programas de gratuidade para os libros de texto, axuda para a compra de material non reutilizable para 1º e 2º de primaria e vales para a adquisición de material escolar; que este sistema que combina as axudas ás familias, o fondo solidario dos libros e a existencia de contidos dixitais foi recoñecido pola Valedora do Pobo pero o PSOE persiste en reclamar que non funciona; que o investimento nestes tres eixos é de 12,6 millóns de euros.

A señora García Gorostizu continúa coa súa intervención e di que en relación coa Formación Profesional, onte anunciouse no debate do estado da autonomía a nova estratexia de FP 2030 que reforzará a formación profesional coa posta en funcionamento do Centro Galego de Innovación e que, se se fala da Universidade, Galicia ten as taxas máis baixas do Estado e é a administración autonómica que máis traballou en favor da igualdade de oportunidades ao estudo universitario, sendo un dos piares da accesibilidade universitaria establecer uns prezos públicos axustados, de maneira que ninguén quede fóra da universidade por motivos extraacadémicos, convocándose varias modalidades de becas complementarias ás que xestiona o Estado; que Galicia é a única comunidade que mantén os prezos conxeados desde o 2011 grazas ás políticas de contención de prezos e en consenso coas universidades.

C.I.F. P-1503-

Remata a súa intervención a voceira do grupo político Popular dicindo que por todo o exposto e cos datos na mán votan en contra da moción presentada pois lles parece totalmente populista e non crible e que a Xunta demostrou estar comprometida máis que ninguén na ensinanza pública e así o constatan os indicadores dos que falou.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a Sra. García Gorostizu leu ben o argumentario do Sr. Núñez Feijoo pero que iso demostra que o Sr. Feijoo non vive na rúa porque dicir nunha sesión plenaria que Galicia a nivel educativo está por riba de Finlandia ou de Noruega dista moito da realidade e das cifras que se desprenden dos orzamentos porque hai que falar de 180 millóns de euros menos e 1.500 docentes menos nos últimos anos, remitíndose aos feitos e sen ir moi lonxe, sen sair do termo municipal de Culleredo pódense ver os latigazos da política de recortes do Sr. Feijoo, o presidente da Xunta de Galicia, pois no CEIP Díaz Pardo, en abril deste ano, a Xunta de Galicia eliminou unha das dúas liñas establecidas no primeiro ano no curso de 4º de infantil, tema do que xa se levou unha moción ao pleno, sendo aprobado favorablemente e ditaminado por todos os grupos, incluído o do Partido Popular, sen que a data de hoxe se recibira resposta; que ademáis, no comezo do curso escolar do dito CEIP retirouse un mestre de apoio, polo que quedou só un para os 314 alumnos de primaria matriculados no CEIP Isaac Díaz Pardo, ocurrindo o mesmo noutro CEIP, no Ría do Burgo, eliminándose 54 prazas do comedor escolar, o que critican tamén as ANPAs dos centros que se queixan da falta de información, obrigando ao Consello escolar a elaborar unhas bases para poder aceptar os nenos no comedor, motivos todos estes polos que non fai falta facer un percorrido por toda Galicia para darse conta de que esa “casiña dourada” na que vive o Partido Popular de cara ás súas políticas de educación, non se corresponde coa realidade.

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que os datos do informe PISA non os inventa o Sr. Feijoo e que iso non se pode rebatir pois son os que saen publicados e que esa é a realidade á que hai que enfrontarse, que Galicia ten uns indicadores de equidade por riba de Noruega ou de Finlandia, sendo datos publicados e que se poden ver en calquera momento; que con respecto ao dito sobre o colexio Isaac Díaz Pardo sobre supresión dunha das liñas, o motivo foi que había 26 alumnos matriculados polo que soamente quedaba un alumno fóra do dito colexio, habendo prazas de sobra no colexio novo que está ao lado, considerando que Culleredo non se pode queixar das políticas de investimentos da Xunta de Galicia que nestes últimos anos fixo un instituto novo e un colexio de infantil e primaria tamén novo.

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que os datos non son exactamente como indica a Sra. García Gorostizu e que o equipo de goberno xa tivo as conversas oportunas coa delegación da Xunta e asistiron a un debate bastante dispar entre o propio responsable e os técnicos da súa área; que con respecto ao dito polo Sr. Chouciño Garrido sobre o centro no rural xa comentaron na xunta de voceiros que o equipo de goberno está a favor de que se faga un centro de ESO no rural e que Culleredo destaca precisamente en todos os anos en que leva gobernando o grupo socialista nas políticas de Educación e Benestar Social e que poderían traer a moción de construción cun centro de ESO no rural pero é necesario neste tema solicitar un informe técnico porque para construír un centro educativo, sexa no rural ou no urbano, é necesario coñecer os ratios e ver que se cumpre a lexislación vixente e se Culleredo está en disposición de ter un novo centro no rural porque hai que considerar todos os factores porque algúns nenos do rural, pola cercanía das súas vivendas ao posible novo centro, poderían quedar sen transporte escolar, obrigando aos seus pais a levalos no vehículo propio ou que tiveran que ir andando, motivos polos que hai que considerar todas as variables para poder tomar a decisión máis acertada e máis responsable e non a máis populista, e poder levar unha proposta á Xunta de Galicia suficientemente avalada polos técnicos municipais e que cumpra con todos os requisitos necesarios.

C.I.F. P-1503-

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data vinte de setembro de dous mil dezanove, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García..

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data vinte de setembro de dous mil dezanove, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación munciipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 06/03/2016 (código de documento UIT13I008F)
- Informe de data 10/05/2019 (código de documento UIT13I00DV)
- Informe de data 13/05/2019 (código de documento UIT13I00E5)
- Informe de data 14/05/2019 (código de documento UIT13I00E9)

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Informe de data 29/05/2019 (código de documento UIT13I00G6)
- Informe de data 03/06/2019 (código de documento UIT13I00GU)
- Informe de data 06/06/2019 (código de documento UIT13I00KH)
- Informe de data 04/07/2019 (código de documento UIT13I00NO)
- Informe de data 18/07/2019 (código de documento UIT13I00PO)
- Informe de data 18/07/2019 (código de documento UIT13I00PK)
- Informe de data 30/07/2019 (código de documento UIT13I00QD)
- Informe de data 08/08/2019 (código de documento UIT13I00RK)

5.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 369 resolucións numeradas da 1059 a 1427 do ano 2019, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1059	12/07/2019	CONCESION A J.A.V.L. DA LICENZA PARA OBRAS DE CONSTRUCION VIVENDA UNIFAMILAR NA RUA PELAMIOS S/N.	
1060	12/07/2019	LEVANTAMENTO REPARO FORMULADO E CONTINUACION TRAMITACION EXPEDIENTE, DANDO INICIO AO PROCEDEMENTO PARA CONTRATACION DUN AUXILIAR SERVIZOS SOCIAIS BASICOS POLO 50% DA XORNADA QUE DEIXARIA DE FACER N.M.U.	
1061	12/07/2019	AUTORIZACION PARA PROBA DEPORTIVA DE "ORIENTACION EN BICICLETA DE MONTAÑA" O DIA 13 DE XULLO DE 2019 EN ORRO.	
1062	12/07/2019	APROBACION EXPTE CONTRATACION OBRA ACONDICIONAMENTO POLIDEPORTIVA DESCUBIERTA PASEO MARITIMO O BURGO POS+2018 (COMPLEMENTARIO).	
1063	12/07/2019	OUTORGAMENTO A J.L.V.R. DA AUTORIZACION PARA OCUPACION DOMINIO PUBLICO LOCAL NO CAMPO DA FESTA VILABOA OS DIAS 12,13,14,15,16,17 E 18 DE XULLO DE 2019.	
1064	12/07/2019	CONCESION A J.M.I.M. DA TARXETA ESTACIONAMENTO POR DISCAPACIDADE.	
1065	12/07/2019	OUTORGAMENTO A I.R.R. DA AUTORIZACION DEMANIAL PARA OCUPACION DOMINIO PUBLICO LOCAL NO CAMPO DA FESTA DE PEIRO DE ARRIBA O 13 DE XULLO DE 2019.	
1066	12/07/2019	ESTIMACION ALEGACIONS ACHEGADAS EXPTE SANCIONADOR TRAFICO 3523/2019.	
1067	12/07/2019	LEVANTAMENTO REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCION XERAL E AVOCACION COMPETENCIA PARA ADXUDICACION DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DENOMINADOS: REPARACION DE PARRILLA, REPARACION DE CADEIRAS DO MOBILIARIO DA NAVE MUNICIPAL E 1 MAIS.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1068	12/07/2019	LEVANTAMENTO REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCION XERAL E AVOCACION COMPETENCIA PARA ADXUDICACION DO CONTRATO PARA EXECUCIÓN SUBMINISTROS: FABRICACION DE GANCHOS PARA ARQUETAS E TERMINAL TELEFONICO PARA USO PROFESIONAL INSPECTOR POLICIA LOCAL.	
1069	15/07/2019	RECOÑECEMENTO A L.F.G. DO DEREITO A PERCEPCION DO GRAO PERSOAL CONSOLIDADO CORRESPONDENTE AO NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO 19.	
1070	15/07/2019	CONCESION A A.R.V DA TARXETA ESTACIONAMENTO POR DISCAPACIDADE.	
1071	15/07/2019	CONCESION A D.R.B. DA TARXETA ESTACIONAMENTO POR DISCAPACIDADE.	
1072	15/07/2019	ALTA CONDUCTOR ASALARIADO DA LICENZA AUTOTAXI 33 DO CONCELLO CULLEREDO A V.L.S.	
1073	15/07/2019	CONCESION A M.M.R. E I.A.G.V. DA LICENZA MPAL OBRAS PARA VESTIDOR NUNHA VIVENDA EN PEIRO DE ARRIBA , PARROQUIA DE CELAS.	
1074	15/07/2019	CONCESION A B.S.S. DA LICENZA PARA SUSTITUCION DE MATERIAL DE CUBRICION DETERIORADO NUNHA VIVENDA EN MIGUEL GONZALEZ GARCES, PARROQUIA DE RUTIS.	
1075	15/07/2019	AUTORIZACION A P.F.S. DUNHA LICENZA SEN RETRIBUCION DENDE O 15 ATA O 23 DE XULLO DE 2019.	
1076	15/07/2019	CONVOCATORIA A SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE VOCEIROS DO DÍA 17-07-2019.	
1077	16/07/2019	APROBACION ANULACION RECIBO A NOME DE N.G.R. DO PADRON POLA OCUPACION DE TEREOS DE USO PUBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEM. AUXILIARES DO EXERCICIO 2019.	
1078	16/07/2019	APROBACION ANULACION RECIBO A NOME DE HOSTELERIA EL POTRO SL POLA TAXA OCUPACION TERREOS USO PUBLICO CON MESAS, CADEIRAS E ELEM. AUX. EXERCICIO 2019.	
1079	16/07/2019	DELEGACION DAS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES DE POLITICA SOCIAL, MOCIDADE, PROMOCION DO DEPORTE, DESENV. LOCAL, CULTURA, FESTAS E TURISMO E DE FACENDA, PATRIMONIO, ADMON ELECTRONICA, PART. CIDADA, EDUCACION E MEDIO RURAL.	
1080	17/07/2019	CONVOCATORIA A SESION ORDINARIA DA XUNTA VOCEIROS DO DÍA 19-07-2019.	
1081	17/07/2019	CONCESION A J.P.B. DO SERVIZO MPAL DE AXUDA NO FOGAR 2 HORAS Á SEMANA E O XANTAR NA CASA 7 DIAS.	
1082	17/07/2019	LEVANTAMENTO DO REPARO UIT13I00KH QUE FORMULA A INTERVENCION XERAL E ORDE DE CONTINUACION COA TRAMITACION DO EXPEDIENTE (GRATIFICACION POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS MEMBROS POLICIA LOCAL).	
1083	17/07/2019	ACEPTACION DESESTIMENTO SOLICITUDE LICENZA DE OBRA RESPECTO A EXCAVACION PARCELAS J-10 E J-12 DO PARQUE EMPRESARIAL DE ALVEDRO FORMULADO POR J.C.L EN REPRESENTACION DE LOTS, LAND & RENT SL.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1084	18/07/2019	ORDE DE PARALIZACION INMEDIATA DAS OBRAS DE APERTURA TABIQUE EXTERIOR PARA COLOCACION VENTA NA RUA CONDES DE ANDRADE (RUTIS) E INCOACION EXPEDIENTE REPOSICION LEGALIDADE A.F.L.F.	
1085	18/07/2019	AUTORIZACION USO DA AULA DE BAR DO CENTRO MPAL DE EMPREGO E FORMACION PABLO PICASSO PARA CURSO OS DIAS 19 A 23 DE AGOSTO A ONG MESTURA.	
1986	18/07/2019	INICIO DO PROCEDEMENTO, QUE DE ACORDO COA NORMATIVA APLICABLE, FINALICE COA ACEPTACION DA DOAZON OFRECIDA A ESTE CONCELLO POR MARTINSA FADESA SA EN LIQUIDACION DA PARCELA DA SUA PROPIEDADE 1943902NH5924S0001DB.	
1087	18/07/2019	AUTORIZACION, DISPOSICION, RECOÑECEMENTO E ORDE DE PAGAMENTO A D.D.F.T. DO RECIBO DE BONO TRANSPORTE POR 29,31€ CORRESPONDENTE A XUÑO 2019.	
1088	18/07/2019	AUTORIZACION, DISPOSICION, RECOÑECEMENTO DE OBRIGA E ORDE DE PAGO DE FACTURA (TERCEIRO: SECRETARIA DE ESTADO PARA EL AVANCE DIGITAL - IMPORTE TOTAL: 100,00€).	
1089	18/07/2019	APROBACION LIQUIDACION TAXA OCUPACION TERREOS DE USO PUBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA A J.B.O.R.	
1090	18/07/2019	DELEGACION ESPECIAL A FAVOR D.ª Mª GUADALUPE POMBO CARRIL DAS COMPETENCIAS PARA O ASUNTO CONCRETO DE SELECCIÓN DAS OPERACIONS DUSI: ASISTENCIA TECNICA PARA XESTION ESTRATEXIA DUSI CULLEREDO VIVO (OBXECTIVO TEMATICO 99 VIRTUAL. ASISTENCIA TECNICA) E 1 MAIS.	
1091	18/07/2019	CONVOCATORIA A SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22-07-2019	
1092	18/07/2019	RECOÑECEMENTO A L.F.G. SERVIZOS PREVIOS PRESTADOS NO CONCELLO CAMARIÑAS.	
1093	18/07/2019	DELEGACION VODA CIVIL O 20 XULLO DE 2019 AS 19.30 HORAS NA CONCELLEIRA PENELOPE LOPEZ DIAZ.	
1094	18/07/2019	ORDE A J.A.F.C. DA REALIZACION DE LIMPEZA E DESBROCE NOS TERREOS SITOS NA REF. 15031A00300119.	
1095	18/07/2019	INFORME FAVORABLE DE AUTORIZACION INTERURBANA PARA EXERCER TRANSPORTE COLECTIVO URBANO CO VEHICULO MARCA PEUGEOT 508 GT.	
1096	18/07/2019	AUTORIZACION DO USO ESPECIAL POR UFD ELECTRICIDAD SA DOS TERREOS DE DOMINIO PUBLICO MPAL PARA INSTALACION DE RBTS EN TARRIO 108.	
1097	19/07/2019	LEVANTAMENTO DO REPARO FORMULADO E CONTINUACION COA TRAMITACION DO EXPTE DE SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACION CO CLUBE DEPORTIVO BALONMAN CULLEREDO.	
1098	19/07/2019	LEVANTAMENTO DO REPARO FORMULADO E CONTINUACION COA TRAMITACION DO EXPEDIENTE DE SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACION CO CLUB BALONCESTO CULLEREDO.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1099	19/07/2019	OUTORGAMENTO A J.L.R.M. A AUTORIZACION DEMANIAL PARA OCUPACION DO DOMINIO PUBLICO LOCAL NO CAMPO DE FESTA DE LEDOÑO OS DIAS 19,20,21 E 22 DE XULLO DE 2019.	
1100	19/07/2019	CONCESION GRATIFICACION POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS MEMBROS DA POLICIA LOCAL POR TRABALLOS REALIZADOS FORA DA SUA XORNADA DE TRABALLO (J.C.C. E MAIS).	
1101	19/07/2019	CONCESION A N.M.U. DA XUBILIACION PARCIAL CUNHA REDUCION DE XORNADA E SALARIO DO 50%.	
1102	19/07/2019	CONCESION A M.C.F.G. DUNHA AMPLIACION NO SERVIZO MPAL DE AXUDA NO FOGAR CUNHA INTENSIDADE DE 5 HORAS Á SEMANA.	
1103	19/07/2019	BAIXA NO SERVIZO MPAL DE AXUDA A DOMICILIO POR LIBRE CONCORRENCIA A E.M.L. CON DATA 31/05/19 AO CAUSAR ALTA COMO DEPENDENTE.	
1104	19/07/2019	SOLICITUDE PARA OANO 2019 FORMALIZACION CONVENIO ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA RESERVA E USO DE 4 PRAZAS NO PROGRAMA DO CENTRO DE DIA A INFANCIA NO FOGAR INFANTIL "EMILIO ROMAY" DA CORUÑA	
1105	19/07/2019	CONCESION A ORBUCO SL DE LICENZA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NA RUA VIXIA 34.	
1106	19/07/2019	Aprobación do proxecto técnico para a obra de "Adecuación campo de fútbol del C.E.I.P. Tarrío" co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 353.144,49€, IVE engadido.	
1107	19/07/2019	Declaración caducidade procedemento incoado resolución 1166/2018, corrixida pola resolución 1310/2018 para declaración, no seu caso, estado ruína edificación R/ Concello 64 e incoación novo procedemento declaración estado ruína dita edificación.	
1108	22/07/2019	Recoñecemento a F.J.G.P. aos efectos de trienios do tempo de servizos previos prestados.	
1109	22/07/2019	Orde de anotación no Rexistro municipal de subvencións das resolucións relativas á concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido entre o 01-04-2019 eo 30-06-2019, ambos os dous incluídos.	
1110	22/07/2019	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 26-07-2019.	
1111	22/07/2019	Concesión a J.M.M. da excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público con efectos desde o 27-06-2019, data da súa toma de posesión neste concello.	
1112	22/07/2019	Corrección erro detectado na resolución 899/2019 do 10-06-2019.	
1113	22/07/2019	Aprobación do expediente para a contratación da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta da Plaza Europa, incluída no POS + 2018 (complementario)".	
1114	23/07/2019	Delegación na concelleira D.ª Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.N.R. e M.A.G.R. o día 24-07-2019 ás 19.00 horas.	
1115	23/07/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 7722/2019 e máis.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

1315	26/08/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a TECNICA Y PROYECTOS, SA para a actividade de "servizos técnicos de enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico", local R/ Anxo Senra Fernández núm. 25 (O Burgo).	
1316	26/08/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a FASTFILL, SL para a actividade de "fabricación doutro material e equipo eléctrico", nunha nave situada na rúa E, nave E16, P.I. Alvedro (Almeiras).	
1317	26/08/2019	Concesión do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento a GLASSMON GALICIA, SL para a actividade de "comercio en groso de madeira, materiais de construción e aparatos sanitarios", rúa B, nave 3, Parque Empresarial Alvedro (Almeiras).	
1318	26/08/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 142 a S.Z.S.L.	
1319	26/08/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 143 a J.V.R.C.	
1320	26/08/2019	Requirimento a M.F.K.V. retirada vía pública vehículo matrícula 4750DRM, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1321	26/08/2019	Orde a A.D.C, como propietaria, á realización nos terreos situados na referencia catastral 0057112NH995N0001BX, da limpeza, tala e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
1322	27/08/2019	Orde M.J.R.L. e M.C.C. á execución, no inmoble situado na rúa Miguel González Garcés, parroquia de Rutis das obras de condenado da porta sur da planta baixa, e máis que se autorizaron na resolución do 16-10-2018 da directora xeral de Patrimonio Cultural.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1323	27/08/2019	Requirimento a Profergo SL para que no prazo de 3 meses presente a solicitude da oportuna licenza para as obras de movementos de terras na parcela A1 da rúa A do P.I. de Alvedro, que se estaban a executar sen contar co título habilitante exixible.	
1324	28/08/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 8: PROMOCIÓN DA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA.	
1325	28/08/2019	Concesión a L.M.B.V. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1326	28/08/2019	Concesión a C.P.G.F. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,00€.	
1327	28/08/2019	Denegación a C.A.C. do servizo municipal de Teleasistencia domiciliaria.	
1328	28/08/2019	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por E.L.C.	
1329	28/08/2019	Outorgamento á ASOCIACIÓN GALEGA DE CERVEXEIROS ARTESÁNS autorización demanial para a ocupación do dominio público local no lugar EXPLANADA DO PASEO MARÍTIMO DO BURGO durante os días 30, 31 de agosto e 1 de setembro de 2019.	
1330	28/08/2019	Outorgamento ao CLUBE XOGA E APRENDE autorización demanial para a ocupación do dominio público local para a realización dunha festa popular no lugar de CULLEREDO durante os días 31 de agosto e 1 de setembro de 2019.	
1331	28/08/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 2314/2019 e un máis.	
1332	28/08/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 7001/2019 e un máis.	
1333	28/08/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 7011/2019.	
1334	28/08/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 8970/2019 e máis.	
1335	28/08/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 3: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades de ámbito sociosanitario.	
1336	28/08/2019	Concesión subvencións municipais asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña actuación 2: Promoción servizos, programas, proxectos e actividades materia igualdade, corresponsabilidade, loita contra violencia xénero…	
1337	28/08/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 1: Promoción de servizos, programas, proxectos e actividades no ámbito dos servizos sociais.	
1338	29/08/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 02-09-2019.	
1339	29/08/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 7: Promoción da participación cidadá e fomento da comunicación social.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1340	29/08/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 4: Promoción de educación.	
1341	30/08/2019	Atribución das funcións a J.C.S.R. como xefe de Servizo de Seguridade Cidadá e Protección Civil, de forma accidental, no período comprendido entre os días 1 e 31 de agosto de 2019.	
1342	30/08/2019	Contratación de C.D.G. como auxiliar de servizos sociais básicos cun contrato de relevo para cubrir o 50% da xornada que deixaría de facer N.M.U. con motivo da súa xubilación parcial.	
1343	30/08/2019	Orde a BANCO SABADELL SA, como propietario, á realización nos terreos situados na referencia catastral 9967571NH5906N, da limpeza, tala e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
1344	30/08/2019	Concesión a E.I.S.T. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
1345	30/08/2019	Concesión a C.A.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1014,00€.	
1346	02/09/2019	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 2 de setembro de 2019 de 13.30 a 15.00 horas.	
1347	02/09/2019	Aprobación da certificación número 1 da obra "Conservación e acondicionamento da polideportiva de Tarrio". Contratista adxudicatario: GROMA OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido); 5.632,83€.	
1348	02/09/2019	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.M.A. - AGRUPACIÓN MUTUAL ASEGURADORA, en nome da súa asegurada R.M.C.C.	
1349	03/09/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 06-09-2019.	
1350	03/09/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 10814/2019 e máis.	
1351	03/09/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente10054/2019 e un máis.	
1352	03/09/2019	Aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra de "Renovación de pavimentos nas rúas As Brañas, Jorge Guillén e Avda. de Fonteculler", redactado por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL.	
1353	03/09/2019	Requirimento M.F. retirada vía pública vehículo matrícula C6052CH, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1354	03/09/2019	Requirimento J.A.V.S. retirada vía pública vehículo matrícula C0068BC, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1355	03/09/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 147 a R.M.G.	
1356	03/09/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 146 a J.M.A.P.	
1357	03/09/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 144 a C.M.R.V.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1358	04/09/2019	Delegación na concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.R.L. e N.M.S.C. o día 05-09-2019 ás 12.00 horas.	
1359	05/09/2019	Concesión a E.N.P. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 3 horas á semana (agás festivos).	
1360	05/09/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 6081/2019.	
1361	05/09/2019	Requirimento J.A.V.S. retirada vía pública vehículo matrícula C5981CF, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1362	05/09/2019	Requirimento A.V.V. retirada vía pública vehículo matrícula C-0094-BP, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1363	05/09/2019	Concesión a (EMALCSA) dunha prórroga de 3 anos para rematar as obras de construción dun depósito de cabeceira e conexións xerais na rede de abastecemento da Coruña, a realizar nunha parcela situada na R/ Pereiros (Almeiras)	
1364	05/09/2019	Orde paralización inmediata das obras de construción dun muro na rúa Pomares, parroquia de Rutis, sen o título habilitante exixible e incoación expediente reposición legalidade.	
1365	05/09/2019	Orde paralización inmediata obras peche parcela que se están a realizar parcelas 15031A011003170000OT e 15031A011003160000OL situadas na rúa Fraga. (Rutis), sen o título habilitante exixible e incoación expediente reposición legalidade.	
1366	06/09/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 09-09-2019.	
1367	06/09/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 11-09-2019.	
1368	09/09/2019	Autorización expedición D. Enrique A. Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro BNG, copia do documento co código de documento UGT13S007S (alegacións presentadas proxectos explotación servizos públicos transporte regular viaxeiros uso xeral por estrada).	
1369	09/09/2019	Nomeamento de S.L.D., como persoal eventual para ocupar o posto de asesor técnico.	
1370	09/09/2019	Concesión a A.F.Z. da modificación do seu horario fixo de presenza.	
1371	09/09/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 9252/2019.	
1372	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.R.F., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1373	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por N.L.M., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1374	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por MUTUA MADRILEÑA en nome e representación de S.V.F., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1375	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por J.S.D.M., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1376	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por J.U.O., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1377	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por M.L.M., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1378	09/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por L.F.G.D., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1379	10/09/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 5: PROMOCIÓN DA CULTURA.	
1380	10/09/2019	Concesión das subvencións municipais destinadas ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo. Liña de actuación número 6: PROMOCIÓN DO DEPORTE.	
1381	11/09/2019	Concesión a M.M.N. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).	
1382	11/09/2019	Delegación na concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre J.S.I. e D.P.B. o día 14-09-2019 ás 9.30 horas.	
1383	11/09/2019	Delegación na concelleira D.ª María Guadalupe Pombo Carril do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.M.V.G. e J.A.D.T. o día 14-09-2019 ás 9.30 horas.	
1384	12/09/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2019).	
1385	12/09/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MARZO 2019).	
1386	12/09/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2019).	
1387	12/09/2019	Concesión da licenza municipal núm. 428 para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente 24 horas) para o garaxe situado na Av. Miguel González Garcés núm. 17A, Rutis, a CEFINE NEUROLOGÍA SL.	
1388	12/09/2019	Expedición autorización interurbana para exercer servizo transporte colectivo urbano vehículo marca PEUGEOT 508 GT 2.0, matrícula 2945KKJ de 5 prazas, núm. identificación VF38DAHWTJL029199, en substitución vehículo 8619HTF. (E.C.A., licenza taxi núm. 31).	
1389	12/09/2019	Informe favorable autorización interurbana para exercer servizo de transporte colectivo urbano vehículo MERCEDES-BENZ matrícula 5005KZK, de 5 prazas, núm. identificación WDD2130041A702441, en substitución 2356GFB. (F.L.F., licenza taxi núm. 16).	
1390	12/09/2019	Non división en lotes do investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír Plan provincial cooperación obras e servizos competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019. (Investimento: Renovación parque infantil Peiro).	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1391	12/09/2019	Non división en lotes investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír Plan provincial cooperación obras e servizos competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019. (Investimento: Parque infantil área de lecer da Corveira).	
1392	13/09/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16-09-2019.	
1393	13/09/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 6968/2019 e máis.	
1394	13/09/2019	Concesión a H.G.D. e J.V.G. da licenza que solicitaron para o modificado recollido no proxecto "Memoria da Revisión 1 do proxecto Básico" que inclúe a dotación dun ascensor e máis obras nunha vivenda unifamiliar situada na rúa Benito Viceto (Rutis).	
1395	13/09/2019	Imposibilidade expedición informe de non incoación dun expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmoble situado na rúa Río Eume, parroquia de Rutis, solicitado por E.M.L.P.	
1396	13/09/2019	Incoación procedemento declaración, no seu caso, ineficacia comunicación previa de inicio da actividade de outros servizos de alimentación propios de restauración en Liñares, R/ San Fernando que presentou Servicios de Catering del Temple, SL o 02-05-2019.	
1397	13/09/2019	Orde a M.J.C.L. que proceda á demolición das obras que se sinalan no informe da xefa da Sección Técnica de Urbanismo coa reposición do terreo ao seu estado inicial na parcela situada no lugar O Vilar, parroquia de Sueiro.	
1398	13/09/2019	Estimación parcial do recurso de reposición presentado, por Servicios de Catering del Temple SL, deixando sen efecto os actos recorridos polos motivos expostos no informe da secretaria xeral transcrito na parte expositiva desta resolución.	
1399	13/09/2019	Aprobación do expediente para a contratación do servizo denominado "traballos de desbroce e limpeza de cunetas e das marxes das vías de titularidade municipal".	
1400	13/09/2019	Concesión a J.B.C.C., empregado municipal, dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados o día 22-06-2019.	
1401	13/09/2019	Denegación do establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/ Luis Seoane á altura do número 3.	
1402	13/09/2019	Execución subsidiaria nos terreos situados na referencia catastral 15031A03900190 da limpeza, tala e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade. Presuposto provisional de execución 1.306,40€.	
1403	13/09/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Homer, especie canina, núm. Microchip 941000023641119, propietario S.Z.S.L., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 142, data de expedición: 26/08/2019.	
1404	13/09/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Comba, especie canina, núm. Microchip 941000023641116, propietario J.V.R.C., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 143, data de expedición 26/08/2019.	
1405	13/09/2019	Rexistro do animal potencialmente perigoso de nome Pirata, especie canina, núm. Microchip 981098104691568, propietario C.R.V., núm. de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos: 144, data de expedición 03/09/2019.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1406	13/09/2019	Informe favorable autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo OPEL INSIGNIA TOURER, matrícula 0323KVH de 5 prazas, núm. Identificación W0VZM8EF1K1039237, en substitución 8593HZB. (M.C.R.E. licenza núm. 35).	
1407	13/09/2019	Informe favorable autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo PEUGEOT 508 SW, matrícula 8662KZV de 5 prazas, núm. identificación WR3FJEHYRKY154935, en substitución 3749HMY. (R.F.B. licenza núm. 26).	
1408	13/09/2019	Alta como condutora asalariada da licenza de autotaxi núm. 25 do Concello de Culleredo a M.V.S.	
1409	13/09/2019	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2019/31. (TERCEIRO: A.M.S. - IMPORTE TOTAL: 550,04€ e máis).	
1410	13/09/2019	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2019/30. (TERCEIRO: GALAICA PARQUES Y JARDINES, SL - IMPORTE TOTAL: 290,40€ e máis).	
1411	16/09/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (ABRIL 2019).	
1412	16/09/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (MAIO 2019).	
1413	16/09/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (XUÑO E XULLO 2019).	
1414	16/09/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (AGOSTO 2019).	
1415	16/09/2019	Acceso a D. Gonzalo Méndez Mosquera, concelleiro do BNG, aos expedientes DLO/2019/66 e DLO/2019/83. (	
1416	16/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por Y.G.F.., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1417	16/09/2019	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.M.C., á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B	
1418	16/09/2019	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Social núm. 5 da Coruña, no Procedemento Ordinario 281/2019.	
1419	16/09/2019	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por E.B.N.	
1420	16/09/2019	Concesión a D.A.M.S. da licenza municipal de obras para a legalización dunha vivenda unifamiliar e as obras de adecuación a normativa de habitabilidade na rúa Regueiro (Rutis).	
1421	16/09/2019	Desestimación do recurso de reposición que interpuxo M.N.A. no seu propio dereito e na representación da mercantil Valle de Rumbo, SL contra os acordos que adoptou a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13-05-2019,	
1422	17/09/2019	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril, do día 18 ao 22 de setembro de 2019.	
1423	17/09/2019	Orde a F.B.E., como propietario, á realización nos terreos situados na parcela referencia catastral 6240101NH4964S da limpeza e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-09-2019
1424	18/09/2019	Aprobación dun expediente de xeración de crédito por importe de 8.000,00€. (Programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres).	
1425	18/09/2019	Recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican na relación O/2019/32. (TERCEIRO: O.R.C. - IMPORTE TOTAL: 5.230,00€ e máis).	
1426	18/09/2019	Concesión dunha bonificación por familia numerosa, na taxa por distribución de auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a O.C.V., con efectos 01-10-2019.	
1427	18/09/2019	Denegación da solicitude dunha bonificación por familia numerosa para o ano 2019 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a I.S.M.	

6.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

C.I.F. P-1503

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que ten dúas preguntas, sendo a primeira relativa ao Centro Social O Noso Lar, do que solicita se lle informe en que situación se atopa o tema do bar, se se vai abrir ou non, porque existe unha inquedanza da veciñanza pois para ela ese local era algo máis que un bar, supoñendo tamén un centro de reunión no que podían estar ou xogar ás cartas durante tempo sen problema; que fixeron esta mesma pregunta xa fai máis dun ano e o anterior goberno municipal dixo que o ía mirar, que anteriormente estivera xudicializado e que se ían reunir cos veciños para tomar unha decisión, rogando que non se lle conteste outra vez con que se vai mirar e se lle diga se se vai facer ou non e en que prazo pois considera que un ano e pico xa supón tempo suficiente.

Continúa a súa intervención a Sra. Ferreiro Varela e di que ten unha segunda pregunta que xa fixo nun pleno anterior relativa aos aparcamentos en Pablo Picasso pola diminución de prazas que aí hai e a problemática que supoñen os locais de hostelería e as dificultades para aparcar pois hai veciños que non teñen praza de garaxe e se chegan a partir das oito ou nove da noite non atopan onde aparcar, insistindo no tema da empresa que ten os coches aparcados, con publicidade, na rúa, repondéndolle no seu momento que o ían mirar e que tiñan dúbidas sobre se incumprían ou non; que non sabe se o equipo de goberno trouxo a contestación a esta pregunta a este pleno, rogando que se a teñen lla dean e en caso contrario pide que se cumpra a ordenanza de movilidade que indica claramente que non poderán as casas de compra-venda, talleres mecánicos ou de lavado, ou calquera outra empresa do sector da automoción utilizar a vía pública para estacionar vehículos relacionados coa súa actividade industrial ou comercial, excepto nos casos en que teñan autorizada expresamente unha reserva de espazo, polo que solicita se lle informe das medidas que se van adoptar respecto deste tema.

A continuación intervén o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto ao Centro Social O Noso Lar o equipo de goberno estableceu contacto con asociacións da parroquia pois a intención do goberno municipal é que sexan os propios veciños e veciñas da parroquia de Culleredo os que o xestionen e que non se limite a ser un simple local de

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

hostelería senón que contribúa á dinámica social pois hai asociacións no Concello de Culleredo que están faltas de espacio e tras conversas persoais con elas decidiron que se van poñer de acordo tanto entidades deportivas como culturais e decidir se se modifican os estatutos de dita sociedade ou ben se as distintas asociacións da parroquia de Culleredo son as que directamente xestionen este centro social, decidindo eles se desexan ter un local de hostelería aberto e dedicar un espazo para iso ou para calquera outra iniciativa relacionada coa súa actividade; que non é un centro que estea pechado pois alí se realizan diferentes actividades tanto da Coral, como actividades propostas polo Concello para os veciños e veciñas, ou a asociación de mulleres, etc, que fan alí as súas actividades, polo que non se trata dun centro social que estea morto.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto aos aparcamentos no Burgo di que a obra que está a vivir e a sufrir en Pablo Picasso non vai supoñer unha perda nas prazas de aparcamento dispoñibles para veciños e veciñas da zona; que é evidente que hai un problema de movilidade nos aparcamentos desa zona, como tamén noutros aparcamentos doutras zonas do Concello, e ese é o motivo polo que se decidiu contratar un plan de movilidade urbana dentro do Concello que saiu a licitación estes días e que vai determinar cal é o sistema que os técnicos expertos na materia recomendan para mellorar a movilidade tanto dos vehículos privados, como dos peóns, e como se poden redistribuir as zonas do Concello; que hai que esperar a ter ese plan de movilidade porque é necesario para poder facer calquera outro proxecto relacionado con fondos europeos, etc, e determinará e orientará sobre as accións a realizar en determinadas zonas, insistindo en que comparte a idea de que o problema de movilidade e o problema de aparcamento e un gran problema tanto de Culleredo como doutras grandes cidades porque falta aínda moita cultura para coller o autobús que é o que se debería facer.

C.I.F. P-1503-

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto á empresa referida que deixa os seus vehículos na rúa en principio, á espera de que con máis tempo se contraste a primeira información, parece que non se incumple a ordenanza aludida aínda que os vehículos si parecen pertencer a unha determinada empresa e que, en todo caso, se finalmente se decidise que si incumplen, serán sancionados como corresponde pero a día de hoxe non hai ningún dato por parte da Policía Local que indique que están infrinxindo a dita ordenanza pois do contrario xa a propia Policía Local imporía a sanción correspondente.

Intervén a continuación a voceira do grupo político Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela, e di que nese caso, no caso de que a empresa que mantén na rúa os seus vehículos con letreiros correspondentes estiveran incumprindo a ordenanza de movilidade, sería que a Policía Local non está cumprindo coa súa obriga de sancionala.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el non quixo dicir iso senón que do que se trata é de que a estrada é da Xunta de Galicia e polo tanto a competencia para sancionar é da Xefatura Provincial de Tráfico pero que, de todas formas, ante a solicitude da Sra. Ferreiro Varela, a concelleira delegada da área de Seguridade Cidadá solicitou os informes necesarios e cando se dispoña dos datos se lle facilitarán.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, pregunta se aínda non se ten a cesión da rúa á que fai referencia o Sr. alcalde-presidente.

Responde o Sr. Rioboo Castro e di que está pendente de levar ao Consello da Xunta e pensa que no vindeiro mes de outubro teñen intención de levalo.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o listado de reparos de Intervención que se trae a este pleno ten 93 páxinas que suman un total de 335.381 euros en reparos, é dicir, facturas nas que tanto a Sra. Interventora como a Sra. Secretaria municipais din que se prescindiu do procedemento de contratación, existindo unha lei de contratación que establece como hai que proceder coas contratacións; pero non é o único listado pois hai un listado segundo de tres páxinas e un terceiro de 71 páxinas de case 700.000 euros en reparos, e un cuarto listado de 45 páxinas que suman 1.113.784 euros, o que quere dicir que o Concello pasa dos dous millóns de euros de facturas con reparos da Intervención e da Secretaría,

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

C.I.F. P-1503-

o que amosa a alegría coa que o equipo de goberno se gasta o orzamento municipal; que estamos nun periodo de precampaña electoral e que a cidadanía de Culleredo xa sabe o que custou a campaña do Sr. Rioboo con obras feitas coa intención de impresionar á cidadanía, rogando que se cumpla coa lexislación de contratación pois non se está cumprindo.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que dentros dos ditos listados de reparos hai cuestións relativas a clubes deportivos, aos que se lles concede unha subvención nominativa duns 15.000 euros, informando a Sra. Interventora que só con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública son as que se poden tramitar desta forma; que a Sra. Interventora municipal no seu informe indica tamén que consta informe do servizo ou concellaría propoñente xustificativo do carácter singular da subvención e das razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario, ou outras que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, especificando entre paréntese que teñen que acreditarse as citadas razóns, non sendo suficiente a mera invocación das mesmas, o que quere dicir que as ditas subvencións non se poden conceder por capricho; que o BNG non dubida que os clubes deportivos teñan interese público pero hai que acreditalo a efectos de utilizar a vía excepcional da subvención nominativa e non a ordinaria da concurrencia competitiva xa que hai outras liñas de subvencións no Concello: de Educación, Benestar, etc que o Concello coñece pero neste caso decide facelo deste xeito; que a maiores, a Sra. Secretaria municipal, na súa nota informativa indica que, analizado o expediente, non se atopa suficientemente xustificada a razón pola que non se utiliza o procedemento ordinario de concurrencia competitiva, pois no apartado da memoria xustificativa relativo á necesidade e oportunidade do convenio non se acreditan as características singulares desta subvención que fan necesario un procedemento especial para a súa concesión.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que por suposto o BNG vai estar ao lado de que haxa financiamento para os clubes deportivos pero non se pode acudir á via extraordinaria porque existe a posibilidade de formalizalo e o Sr. alcalde-presidente o sabe porque está na Deputación e alí así se fai, e sería desexable que se deixase de outorgar subvencións aos clubes como unha dádiva, como unha concesión do Sr. alcalde, e que se convirta nun dereito e que, en concurrencia competitiva, en función das características de cada entidade, se reparta equitativamente o estipulado para ese fin.

Intervén a continuación o Sr. alcalde-presidente e di que ás veces o día a día do Concello supón unha lenta tramitación para poder prestar servicios aos veciños e veciñas e en casos de urxencia e necesidade a propia lei reguladora de facendas locais permite levantar os reparos e que non hai que pensar sempre que se fai en favor das eleccións senón que hai que pensar que se fai en favor dos veciños e veciñas de Culleredo que doutra forma quedarían sen servizos básicos, independentemente de que por suposto se poida mellorar; que con respecto ás subvencións nominativas o Sr. Chouciño Garrido leu a parte da Sra. Interventora e da Sra. Secretaria, que está perfectamente argumentada, pero hai tamén outra argumentación que fala do interese público e social das entidades ás que se lles concede esa subvención; que con respecto ao comentado sobre a Deputación, que está gobernada polo partido do BNG e do PSdeG-PSOE, di que nela se está a traballar nun plan estratéxico de subvencións do que posteriormente copiarán os Concellos pero que neste momento hai subvencións nominativas a diario e que os outros grupos fan queixas mellor argumentadas e non cun envolvente político como as do Sr. Chouciño Garrido; que no momento en que a Deputación conte co devandito plan estratéxico de subvencións, que cumpre rigurosamente coa lexislación aplicable, poderá extrapolarse a concellos como o de Culleredo pero mentres tanto hai que conceder subvencións a clubes que do contrario poderían desaparecer por falta de apoios.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o seu grupo presentou por rexistro uns escritos solicitando información e roga se lle dea resposta aos mesmos pois aínda que sabe que o equipo de goberno conta con cen días de cortesía para responder, de todos os que presentaron só se lle deu resposta a tres para dicir que se daba traslado dos mesmos a outro departamento;

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcalde-Presidente (JOSE RAMON RIOBOO CASTRO) a las 09:30 del día 28/10/2019 y por Secretaria Xeral (PILAR MARÍA PASTOR NOVO) a las 13:07 del día 25/10/2019. Mediante el código de verificación 2W1C41035E1G3R390WQV puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

que quere facer un rogo pois o 30 de xullo do presente ano presentou persoalmente un escrito a petición dos veciños de Fonteculler para instalar, aproveitando a vía e a beirarrúa, un aparcamento para motos, sen que ata o día da data obtiveran resposta nin el nin os veciños polo que lle gustaría saber ou máis ben rogar que se o Sr. alcalde-presidente ten coñecemento do tema, o aclare.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que con respecto á iniciativa veciñal promovida por un veciño do Concello de Culleredo polo tema da limpeza da Ría, o grupo político Popular solicita que a Corporación de Culleredo se deixe de siglas e de política e que todos os concelleiros e concelleiras participasen na dita limpeza conxuntamente, como membros dunha única Corporación e sen signos partidistas por parte de ninguén; que ten un último rogo, tamén a petición dos veciños, relativo ao tema da calidade da auga nas zonas de Vilaboa e sobre todo na Corveira pois está chegando a unha situación que non dá confianza para o consumo xa non só para a comida senón incluso para o aseo pois vén moi turbia e os veciños se queixan por ese motivo; que para rematar ten unha pregunta en relación coa praga de ratas que hai en Fonteculler pois seguen medrando e a vindeira semana meterán un escrito por rexistro con fotografías que achegan os veciños, preocupados porque medran e porque ante a chegada de chuvias aumentará o seu número especialmente na zona que une Rafael Alberti coa gasolineira onde hai moitos cans e cruzan moitos nenos a primeira hora para ir ao colexio, preguntando se o Concello ten algunha medida adoptada ou que vaia adoptar sobre este tema.

Fai uso da palabra a continuación o Sr. alcalde-presidente e di que con respecto ás pragas son problemas que se reiteran no tempo, en momentos puntuais, porque ás veces ás campañas de desratización non son suficientes e concretamente en Fonteculler, pola proximidade da Ría ou zonas de bombeo, son máis delicadas pero que a empresa encargada da desratización é unha empresa seria e preocupada de adoptar as medidas necesarias para salvagardar a saúde pública coa desratización necesaria, cumprindo os protocolos establecidos xa que ás veces a resposta require duns requisitos de protección de aves, etc pero que, en todo caso, responde inmediatamente ás chamadas dos veciños; que con respecto ao rogo sobre a limpeza da Ría, di que o equipo de goberno xa en numerosas ocasións demostrou estar totalmente a favor do saneamento da mesma e de calquera iniciativa popular sen que en ningún momento se politice este tema e o único que se lle dixo a esta iniciativa popular foi que para entrar na Ría hai que ter permiso tanto do Ministerio como da Xunta,etc., e facelo con todas as garantías, polo que puidera ser que a data do día 5 proposta sexa algo precipitada pero vaise poñer todo enriba da mesa e facer todo o posible para que esa iniciativa se faga como unha actividade veciñal; que na propia reunión de alcaldes da área metropolitana un dos principais obxectivos que se van marcar respecto do transporte metropolitano é arranxar definitivamente os problemas de auga que hai.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e tres minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
25/10/2019 13:07

RIOBOO CASTRO, JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
28/10/2019 09:30

C.I.F. P-1503-

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo - A CORUÑA - Tel: 981677777 - Fax: 981677646 -
http://www.culleredo.es